

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI  
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: Inglés  
DEPARTAMENTO: Lingua Estranxeira  
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non interrompan a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p> <p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica, sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</p> <p>PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.</p>
<p>B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.</p>	<p>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos</p>
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p> <p>B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p> <p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>
<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p> <p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>

<p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos</p> <p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p> <p>B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</p> <p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</p> <p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...).</p> <p>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p>
--	---

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedemento</u>: consistirá no seguimento das actividades feitas polo alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Adaptarase o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.</li><li>● A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.</li><li>● En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.</li><li>● Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades/traballos/probas telemáticas, que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</li><li>● A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019/20 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</li></ul>
	<p><u>Instrumentos</u>:</p> <p>Diario docente e actividades.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Actividades/traballos propostos polos profesores sobre o traballo de recuperación, repaso e reforzo das aprendizaxes, mediante actividades interactivas publicadas na aula dixital.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Terase en conta a cualificación das avaliacións primeira (40%) e segunda (60%), e contará positivamente o interese pola realización das tarefas propostas na terceira avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>● Para os alumnos que teñen aprobados os trimestres anteriores:<ul style="list-style-type: none"><li>- Valoraremos o progreso das avaliacións anteriores calculando a progresión obtida, á que lle sumaremos un máximo de ..... puntos correspondentes á valoración do traballo realizado no terceiro trimestre .</li></ul></li><li>● Para os alumnos que teñen algún trimestre anterior suspenso, ou ambos, valoraranse:<ul style="list-style-type: none"><li>- As probas de recuperación/traballos/actividades que o profesor</li></ul></li></ul>

	<p>realice neste terceiro trimestre co fin de adquirir as competencias do/os trimestres suspensos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As cualificacións de trimestres anteriores.</li> <li>- O traballo deste terceiro trimestre que solo sumará ata un máximo de dous puntos.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><u>Criterios de avaliación:</u> Os criterios versarán sobre tódolos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres, asinando á primeira avaliación o 40% e á segunda o 60%. Ademais, engadirase a puntuación obtida nas tarefas enviadas para a recuperación dos contidos non asimilados durante as clases presenciais.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u> A cualificación terase en conta partindo das anteriores avaliacións, valorando o traballo realizado neste terceiro trimestre, primando a flexibilidade.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> Seguimento das actividades enviadas a través da aula virtual e as tarefas enviadas aos domicilios nos casos correspondentes.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Actividades de reforzo, repaso ,interdisciplinares, globais e lúdicas.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Utilízanse metodoloxías alternativas: envío de tarefas por medios dixitais, tales como a aula virtual da páxina web do centro e envíos de arquivos (tarefas escolares) ó Concello de Lugo para posterior impresión e entrega ó alumnado sen conectividade.
<b>Materiais e recursos</b>	Materiais versátiles e recursos dixitais.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Dende o centro avisarase ás familias cos medios dispoñibles (Abalar Móvil, aula virtual, páxina web do centro e redes sociais).
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.